

COMISIÓN INFORMATIVA DE RETO DEMOGRÁFICO, IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **18 de febreiro 2021**

Ás 17.03 horas do día 18 de febreiro de 2021, reúnese a Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego, a través do sistema de videoconferencia (no enlace: <https://call.lifsizecloud.com/6339664>), coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Luz Doporto Real

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. César Manuel Fernández Gil

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Margarita Pérez Fernández

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 21 DE XANEIRO DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 21 de xaneiro de 2021.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego do día 21 de xaneiro de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE O INCREMENTO PARA O PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS E COA ENTIDADE LOCAL MENOR DE BERÁN EN MATERIA DE EMPREGABILIDADE PARA O EJERCICIO 2021

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, dálle a benvida a Montserrat Lama pola súa reincorporación tras a súa recente maternidade. Procede a continuación a dar conta detallada da moción presentada.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita, agradece as benvidas. Sinala respecto da moción do Grupo Socialista, que fai unha reserva de voto ata o día do Pleno.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, indica que xa trasladou a necesidade de subvencións lineais para todos os concellos da provincia. Nestes tempos para as administracións locais, especialmente os concellos, resulta moi difícil asumir o custo da crise. O Estado tivo en conta as axudas para as comunidades, pero non para deputacións provinciais e menos para concellos. Calquera achega sería benvida. Non ten sentido que concellos que teñen moitos parados reciban a mesma cantidade que concellos que teñen poucos. Non é proporcional recibir os 20.000 euros. Esta cantidade podería servir de base e deberíase incrementar en función das necesidades reais. Reserva o voto ata o debate no Pleno a espera que os compañeiros de Grupo Socialista fagan algún movemento neste sentido.

D. Armando Ojea Bouzo, portavoz de Democracia Ourensana, manifesta que as administracións terán que axudar aos colectivos máis desfavorecidos nesta pandemia. Analizaremos con calma este moción e ao longo da semana materializaremos o voto no Pleno. De momento absterémonos.

A presidenta da comisión indica que o Partido Popular tamén fai reserva de voto ata o debate do pleno, e absterémonos.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, matiza que coincide con Bernardo Varela, pero sinala que esta é unha moción de mínimos, na situación e contesto que estamos.

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación a moción, e ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (3), e a abstención do Grupo Popular (5) de DO (1), do BNG (1) e da deputada non adscrita (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Instar á Deputación Provincial de Ourense a que modifique as bases para duplicar o importe destinado ao Programa provincial de cooperación cos concellos e coa entidade local menor de Berán, en materia de Empregabilidade para o exercicio de 2021.

3º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE RETO DEMOGRÁFICO E DEFENSA DUNS SERVIZOS FERROVIARIOS PÚBLICOS, DIGNOS E DE CALIDADE

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, dá conta detallada da moción presentada. Destaca que este tema que nos preocupa a todos. Necesítase valentía de todos os grupos políticos e afrontar un reto para o futuro da nosa provincia e de Galicia. Engade que a porta de entrada do AVE en Galicia é Ourense, e debemos aspirar a ter un AVE de primeira categoría. Esta oportunidade preséntasenos unha vez, e debemos facer unha programación que afectaría a cidade de Ourense, e ao resto do país. Nos acordos que se inclúen na moción, indica que falta un, que o trasladará por escrito, xa que é unha demanda social e dos empresarios da nosa provincia. Dá lectura, a continuación, aos distintos puntos do acordo. Engade un punto sexto: “ *Instar ao goberno do Estado a que a estación de mercadorías de Ourense, actualmente na estación empalme, sexa trasladada ao polígono industrial de San Cibrao das Viñas, tal e como demandan os empresarios do Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas*”. Sinala que o Partido Popular solicitou inicialmente o soterramento das liñas, e o Partido Socialista intentou un cambio nesta intermodal que non ten sentido de futuro, e que non libera o chan tan necesario.

A presidenta da comisión indica que desexa unha aclaración do Secretario sobre o punto sexto engadido polo portavoz do BNG.

O vicesecretario, sinala que o parágrafo que engade o portavoz do BNG, entra dentro do contido da moción presentada. Non obstante como o texto non está incluído pódese rexeitar por parte dos membros asistentes, ou ben pódese engadir se así o acordan os membros e ditaminalo conxuntamente, debendo achegar por escrito a dita emenda.

A presidenta da comisión sinala que pola súa parte está de acordo con engadir o punto sexto se todos os demais grupos o aceptan.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita, indica que non ten problema en que se engada nas mocións o que sexa necesario. Destaca que o contido da moción toca varios temas, uns interesantes e outros que non son responsabilidade da Institución. Pídelle ao voceiro do BNG que se poidan debater todos os puntos e votar cada un deles por separado.

D. Armando Ojea Bouzo, portavoz de Democracia Ourensana, sinala que non ten problema en que se debata e ditamine a moción con ese engadido, se ben é unha moción con moitos puntos que poderían ser mocións diferentes. En xeral os grupos políticos temos un número limitado de mocións para presentar ao Pleno, e cando se fan tantos puntos e non son coherentes é unha maneira de presentar varias mocións nunha. Sobre a moción, son varios puntos que haberá que analizar en detalle e votaremos no Pleno.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, parécelle ben que faga o engadido. É unha moción moi ampla con puntos de resolución moi amplos sobre os que queremos facer matizacións e facemos reserva de voto para o pleno. Lembra que temos bagaxe. Indica que matizaremos no Pleno algúns dos puntos.

A presidenta da comisión recorda novamente que non teñen inconveniente en engadir o parágrafo. Fan reserva de voto para o Pleno.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, agradece a todos os grupos que permitiran engadir este punto. Son puntos interconectados. Pensarei sobre os puntos pero van interconectados. Lembra os problemas de conexión actuais como a liña que vai a Vigo que necesita investimentos. Sobre a intermodal engade que é o acceso natural a Ourense e ten que vir pola variante, e haberá que facer unha estación nova que liberaría máis de cen mil metros cadrados. As mercancías pasarían a estar no polígono empresarial. Tamén se arranxaría a estación de autobuses.

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación a moción, e ao obter o voto favorable do BNG (1), e a abstención do Grupo Socialista (3), do Grupo Popular (5) de DO (1), e da deputada non adscrita (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- O Pleno da Deputación Provincial de Ourense insta ao goberno provincial a interpoñer un recurso contencioso-administrativo contra a aprobación definitiva do estudo informativo do proxecto de estación intermodal de Ourense, cuxo anuncio saíu publicado no BOE n.º 29, do 3 de febreiro de 2021, en defensa dos intereses da veciñanza e contra a lesividade do dito proxecto para Ourense no caso de executarse.

2º. O Pleno da Deputación de Ourense insta á Xunta de Galiza a interpoñer un recurso contencioso-administrativo contra a aprobación definitiva do estudo informativo do proxecto de estación intermodal de Ourense, cuxo anuncio saíu publicado no BOE n.º 29, do 3 de febreiro de 2021, en defensa dos intereses da veciñanza e contra a lesividade do dito proxecto para Ourense no caso de executarse.

3º.- Instar ao goberno do Estado a inmediata corrección do incumprimento do Plan de Emprego para os anos 2020 e 2021 e o aumento de cando menos 21 prazas de maquinistas en Galiza, para garantir as condicións laborais do cadro de persoal e evitar novas supresións de servizos, así como garantir a recuperación daquelas liñas suprimidas coa desculpa da covid-19.

4º.- Instar ao goberno galego a impulsar unha empresa pública galega para optar á xestión de liñas do noso país, como xa está a funcionar noutros territorios do Estado.

5º.- Instar ao goberno do Estado a repoñer as liñas suprimidas durante a pandemia e axeitar as frecuencias ás necesidades reais de traballadores, estudantes e viaxeiros habituais.

6º.- Instar ao goberno do Estado a que a estación de mercadorías de Ourense, actualmente Estación Empalme, sexa trasladada ao Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas, tal e como demandan os empresarios do Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas.

4º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

A **presidenta da comisión** indica que as dúas preguntas realizadas polo Grupo Socialista e polo BNG, na pasada comisión, están á súa disposición en Transparencia. Sobre a pregunta do número por concellos das cifras do Chegou de 2020 non puidemos rematar o informe e non podemos facilitalos por baixas no servizo. En canto se asine facilitarémolo. Engade que os datos xa poden consultalos.

E, ás 17.35 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.